

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

Expediente: 2023/C004/000003

SERVIZO DE DIRECCIÓN, XESTIÓN, PRODUCCIÓN E REALIZACIÓN DO XXXV FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA "CINEUROPA 2023"

Necesidade da contratación:

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

"Artigo 28.Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

1.As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación."

A contratación responde á necesidade de establecer as condicións, medios técnicos e humanos que se deberán esixir á empresa que se encargue da prestación de determinados servizos especiais para o desenvolvemento da actividade cultural que desenvolva o Auditorio de Galicia como organismo autónomo coa encomenda estatutaria de desenvolver a actividade cultural da Concellería de Acción Cultural do Concello de Santiago por resolución publicada no BOP 222 do venres 24 de setembro de 2004 e efectuada polo Pleno da corporación municipal na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15 de abril de 2004.

Estes servizos son imprescindibles para poder cubrir a realización en condicións de excelencia da edición do Festival Internacional de Cinema Cineuropa 2023. A realización do festival está consignada no orzamento xeral do Auditorio de Galicia cunha partida específica e foi aprobada a súa realización nas liñas xerais de actuación aprobadas por Consello Reitor o 28 de novembro de 2022.

A realización do festival é recorrente e a administración local leva 36 anos realizando esta programación anualmente.

Insuficiencia de medios propios:

O Auditorio de Galicia como entidade que ten delegada a xestión da actividade cultural da Concellería de Acción Cultural do Concello de Santiago de Compostela, non conta cos medios propios de recursos humanos para poder facer fronte ás necesidades organizativas necesarias para levar adiante esta programación cultural. Especialmente, naquelas actividades que se realizan fóra do edificio do Auditorio de Galicia. Por outra banda, a especificidade das tarefas e servizos que se van a contratar esixen un perfil específico e determinado de recursos humanos que, rara vez, se contempla nos cadros de persoal das administracións públicas.

Subcontratación e financiamento do Consorcio de Santiago de Compostela

Con data de 8 de febreiro de 2023 o Consorcio de Santiago de Compostela emitiu a Resolución de concesión directa de subvención ao Auditorio de Galicia para a realización de Cineuropa no exercicio de 2023, por un importe de 140.000 €.

O Auditorio de Galicia solicitou a autorización deste contrato que excede a contía de 60.000 €, para o cal se lle remitiu a proposta de pregos que rexerán o procedemento.

DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

1.UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

Centro xestor proponente: Auditorio de Galicia

Persoa responsable do seguimento: Director-xerente do Auditorio de Galicia.

Órgano de contratación: o órgano de contratación segundo o establecido nos estatutos do Auditorio de Galicia e as Bases de execución do orzamento vixente para contratos con valor estimado non superior aos 300.000 euros é a Comisión Executiva

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato será a dirección, xestión, produción e realización do XXXV Festival Internacional de Cinema Cineuropa 2023 dentro da programación da Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago de Compostela que terá lugar en novembro de 2023.

3.-PROCEDIMIENTO DE LICITACIÓN

Aberto.

Consonte ao establecido no artigo 131.2 LCSP emprégase o procedemento aberto como procedemento de licitación que ten carácter ordinario.

4.- DIVISIÓN POR LOTES

SI:

NON:

Non procede a división en lotes, pois a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a súa correcta execución desde o punto de vista técnico. Ademais, dada a natureza do obxecto do contrato, a necesidade da coordinación da execución das diferentes prestacións veríase seriamente imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

Con carácter xeral preténdense cubrir as seguintes necesidades:

A realización dun xeito profesional e cun resultado de excelencia da XXXVII edición do Festival Internacional de Cinema Cineuropa 2023. Tanto nos seus aspectos de deseño como de realización. Entendendo a actividade cultural como un dereito que a administración do Concello de Santiago leva cubrindo, neste caso, durante 34 anos.

O/A contratista deberá ter á disposición permanente do contratante os servizos que se establecen neste prego.

Establécense como servizos, que correrán integramente por conta da entidade adjudicataria, suxeitos ás modificacións que desde a dirección do organismo autónomo local se dispoña, os que seguen:

3.1 Dirección e coordinación do festival:

-Selección, produción, coordinación e supervisión de todos os programas e actividades do festival, en coordinación co Auditorio de Galicia, segundo o proxecto definitivo que sexa aprobado pola dirección do Auditorio de Galicia e que debe ser presentado para a súa conformidade cunha antelación mínima de un mes antes do inicio do festival.

-Captación de contidos das actividades paralelas.

-Supervisión, tramitación, control e execución de todos os requirimentos técnicos e administrativos necesarios para o desenvolvemento do programa en grao de excelencia.

-Nomear un/unha responsábel do equipo, que realice as funcións de interlocutor/a co Auditorio de Galicia en todos os elementos de coordinación do proxecto.

-Designación de un/unha responsábel dos/as colaboradores nas presentacións e actividades paralelas.

-Intercambio con festivais, ampliando a rede de contactos, captando contidos e colaboradores/as, establecerase un mínimo de colaboración con un festival.

-Redacción dunha memoria pormenorizada que inclúa: descrición da actividade realizada, dossier de prensa, valoración estatística e memoria económica do festival, especificando o balance desagregado de ingresos e gastos que serán acreditados mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Esta memoria presentarase por duplicado, unha versión en galego e outra en español e en dous soportes, en papel e en dixital.

-Realización de proxectos e memorias que se requiran polo Auditorio de Galicia para a presentación de axudas, subvencións ou calquera motivo polo que sexa preciso.

3.2 Produción e realización do festival

-Xestión e alugueiro dos filmes cos seus correspondentes seguros, taxas, portes e tráfico, respectando os mínimos recollidos neste prego. A empresa adjudicataria correrá cos gastos do screening film ou calquera outro custe económico daquelas cintas que o tiveren que soportar.

-Elaboración de bases de datos co obxectivo de realizar unha exhaustiva análise do acontecido no festival. Deberá realizar unha base de datos en formato excell que conteña os seguintes campos e que deberá ser entregada coa memoria final. Terá unha táboa cos datos dos filmes participantes e unha segunda cos datos de asistencia e pases realizados. Os campos que deberá conter son os seguintes:

FILMES: Nome do filme, director/a, ano de estrea, nacionalidade, lingua, tipo de pase (estrea absoluta, estrea en Galicia, estrea en España...), duración, tipoloxía segundo duración (longametraxe, mediametraxe, curtametraxe), xénero, número de pases realizados no festival, accións paralelas que se desenvolveron nos seus pases, idioma dos subtítulos, sección do festival na que se inclúe.

-Xestión das reservas das sedes onde se realicen as actividades, propias ou alleas, consensuadas co Auditorio de Galicia.

-Coordinación de todas as salas e do tráfico de filmes entre elas.

-Coordinación do visionado das cintas.

-Coordinación da proxección en todas as salas.

-Contratación, coordinación e elaboración dos subtítulos das proxeccións.

-Definición, deseño, contratación e realización da/s gala/s de entrega de premios, gala/s que incluírán a intervención do/a premiado/a e o Alcalde da cidade.

-Xestión e coordinación de todos/as os/as invitados/as e premiados/as participantes no festival, consonte o proxecto seleccionado e aprobado pola entidade contratante.

-Xestión e coordinación das viaxes e aloxamentos de invitados/as e premiados/as.

-Xestión e coordinación do Xurado Novo e as votacións do público das seccións oficiais.

3.3 Comunicación

-Xestión e redacción de todos os contidos dos materiais de difusión, que deberán ser aprobados polo Auditorio de Galicia.

-Xestión das redes sociais do festival e da súa web en coordinación co Auditorio de Galicia.

-Organización de contidos e deseños co estudo gráfico co tempo suficiente para seren editados antes do evento, coa supervisión do Auditorio de Galicia.

-Preparación e coordinación das traducións, con antelación suficiente, do material promocional para a súa tradución.

-Realización da cobertura fotográfica e de vídeo do festival.

-Realización dos vídeos de cabeceira para proxectar nas salas, do teaser do festival e dos vídeos que se proxectarán en cada gala de entrega de premios.

3.4 Proxección en soporte DCP ou online

O/A licitador/a deberá garantir a correcta proxección no estándar DCP dos filmes a proxectar no festival poñendo os medios técnicos que sexan precisos . Deberá garantir o equipamento técnico de 2 salas de proxección, Teatro Principal e Salón Teatro coa garantía de vixar que funcione de xeito correcto en todo o festival. Os servizos inclúen:

-Montaxe, desmontaxe, instalación e transporte dos equipos con antelación suficiente ao día de comezo dos festivais.

- Illamento necesario por medio de cabina ou similar para amortecer o ruído do proxector e que non chegue en ningún momento a ser escoitado na sala de proxección.

- Servizo de dispoñibilidade telefónica 24 horas de garda para asesorar e solucionar os problemas que puideran xurdir relativos aos DCP's.

- Conexión remota ao equipos para a diagnose e solución de problemas.

- Asistencia técnica presencial, en caso de avaría.

As características mínimas dos proxectores cos que debe prestar o servizo son:

- 2 Proxectores dixitais para as dúas das salas do Festival. Con potencia lumínica mínima de 13.000 lumens. Deben incluír lámpada e óptica necesarias, acordes ao tamaño e distancia das proxeccións. Zoom motorizado e axuste de lámpada automático. Aptos para lámpadas de ata 2300W e 2100W respectivamente.

- 2 Servidores similares integrados con entrada dual DVI para reprodución 3D en streaming.

- 2 Servidores NAS 8TB ou similares, mínima capacidade de 30 películas.

- 1 Librería-NAS ou similar con capacidade mínima de 30 películas (con funcións de librería en rede para as dúas salas de proxección e con capacidade de descarga de DCPs de internet desde servidores Aspera ou similares).

- 2 Conversores de sonido dixital-analóxico, mínimo 16 canais.

O/a adxudicatario/a deberá garantir os servizos de proxección online, daqueles filmes que integren a mostra online do festival, a través dunha plataforma que describa no seu proxecto. Esta plataforma debe garantir todas as medidas que garantan a difusión dos filmes dun xeito seguro, adaptado á normativa vixente e con posibilidade de monetización para o Auditorio de Galicia e control de asistentes.

6.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA: NON

7.- NOMENCLATURA (CPV) 92000000-1 Servizos de esparcemento culturais e deportivos

8. PARTIDA ORZAMENTARIA

33401 22706 Festival internacional de cinema Cineuropa

Existencia de cofinanciación

SI:

NON:

9.-TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

- Tipo Base **160.964,42 €**
- 21% IVA. **33.802,53 €**
- Total: **194.766,95 €**
- VALOR ESTIMADO: **160.964,42 €**

10.-PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS

Total prazo de execución: 6 meses.

Prórroga: o contrato non prevé prórrogas

11.-CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Tramitación anticipada: NON

Tramitación: ordinaria

Procedemento: aberto

Criterios de adjudicación: múltiples. Cualitativos e cuantitativos segundo se refiren na proposta adxunta do expediente.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director-xerente do Auditorio de Galicia

Xaquín López González